

Odisea para voz

Versión ilustrada
do poema de Homero

**A Odisea contada aos
nenos** · R. Navarro (*adap.*),
Francesc Rovira (*ilust.*),
X. Senín e I. Soto (*trad.*) ·
Rodeira, 2007 · 224 páx ·
17 euros



Na xa longa tradición de facer adaptacións das grandes obras da literatura canónica dirixida ao lector máis novo encontramos aquí un texto que reproduce algúns episodios do gran poema épico que nos legou Homero. É unha axeitada selección que percorre con acerto e fortuna a obra desde o seu comezo até o regreso do heroe ao seu reino de Ítaca. As ilustracións, atinadas na selección das imaxes e no tratamento compositivo, caen nun innecesario rexistro cómico para o tratamento das personaxes. Pero o verdadeiramente importante é o valor desta adaptación para achegar aos lectores esta obra, cuxa maior eficacia se acadaría se a lectura estivese acompañada dun pai, dunha nai, dun mestre ou mestra que tivese lido as vinte e catro rapsodias da obra orixinal, porque así teríase conseguido ese desiderátum didáctico segundo o que o mestre haberá de saber do tema máis có alumno.

// X. P. D.